

DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL  
SANTIAGO, 27-VI-1972.

C/ DR. TEIJEIRO, 11  
TELÉFONO 59 2116

Sr. D. Luis Seoane.

BUENOS AIRES.

Querido Luis: Acabo de recibir a tua carta -despois de un longo viaxe meu- e contesto axiña.

Denantes de nada, hei de decirche que o que máis me preocupa dela é o anuncio de posibles aitudes tuas máis ou menos drásticas encol do Museo Maside do Laboratorio de Formas. A tua colaboración directa nistas institucións é esencial e de ningún xeito pode fallar. Todo podería botarse a perder si tí deixas de lado as suas actividades, deica agora ben valiosas.

Respeito ao proieito de Isaac -refírome á constitución dos Padroados- penso que nele se toma precaucións escesivas, e mesmo innecesarias. Cando hai que protexer algo de futuros perigos toda virtual defensa é pouca. Pro, afortunadamente, iste non é o caso do Museo, nin do Laboratorio. As suas funcións estrictamente artísticas e de pescuda estética nada teñen que temer de ningún. Isaac, posibelmente por estar soio e por sentirse aguillado en diversos e simultáneos frentes -o cultural, o político i o familiar- non dispón da serenidade precisa pra ver con claridade o inútil da sua estratexia. Agora ben, eu estou seguro de que todo o por ele planeado foi levado a cabo con absoluta boa fé e sin tolería de ningún xénero. Compriría, pois, percurar convencelo do seu trabucamento. Pro, insisto, tí non debes, nin en teoría, abanxarte.

O resto de carta de Isaac forma parte, no que se refire aos fillos e a Mimina, dunha vella preocupación dele da que xa falaremos algún día co vagar indispensabel a tan serio asunto.

O que trata dos problemas económicos eu nono entendo por descoñecer as

interioridades da organización societaria. Niste respecto tí dispós seguramente de mellores puntos de referencia. I engado que supoño que pra tí isto non é o esencial.

Non fagas rén que poida taldar a tua relación amistosa con Isaac. O home necesita de todos nós. I a obra que está realizando é, sinxelamente, admirable.

Supoño que recibirías unha miña na que falaba das tuas cousas e remesaba unha lista do que eu teño de tí.

Apertas de Elena e miñas pra Maruja. Unha moi forte de,

*Domingo.*

*Eu falaría con Isaac unha tirantilla de  
cachola os moicitos, pero non teño coñecimen-  
to "oficial" deles. E, naturalmente, non podo  
usala tuá carta.*